

CONCERTO BENÉFICO DE NADAL PRO "VIDA DIGNA"

Orquestra da Escola de Altos
Estudos musicais

Director: **Jordi Mora**

Solistas: **Verónica Cruz** (óboe)
Sergio Aparicio (violín)

2 de decembro ás 20.00 h
Centro Cultural Caixanova
Policarpo Sández 13, Vigo

PROGRAMA

Director: **Jordi Mora**

Solistas: **Verónica Cruz** (óboe)

Sergio Aparicio (violín)

Primeira parte

L. van Beethoven

Obertura de Egmont op. 84

J. S. Bach

**Concerto en do menor para óboe, violín,
cordas e baixo continuo BWV 1060**

Allegro

Adagio

Allegro

Segunda parte

F. J. Haydn

Sinfonía nº 104, en Re maior, Londres

Conmemoración do bicentenario da morte do compositor

Adagio-allegro

Andante

Minuetto (allegro)

Finale (spiritoso)

JORDI MORA,
director

Nado en Barcelona, é no Conservatorio Superior de Música desta cidade onde realiza os seus primeiros estudos musicais. Gradúase como oboísta en Alemaña, no Hochschule für Musik de Würzburg, e, como bolseiro do Estado de Baviera, licénciase en Musicoloxía e Filosofía na Universidade de Múnic, cunha tese sobre a instrumentación na obra sinfónica de Beethoven.

Estudia Dirección Orquestral e Fenomenoloxía da Música con Sergiu Celibidache e participa en numerosas clases maxistras e cursos de dirección na Universidad de Mainz, en Múnic coa Filharmónica desta cidade, así como noutros cursos en Trier, Londres, Stuttgart e París.

Foi director titular da Münchner Camerata, da Orquestra Sinfónica del Vallés e da Orquestra Nacional de Grecia, e director invitado en países como Alemaña, España, Francia, Italia, Rusia, Romanía, Grecia, EE.UU. e América do Sur: Orquestra Nacional de Arxentina, Radio e Televisión de Grecia, Filharmónica de Minsk, Filharmónica de Múnic, Orquestra Simfónica de Barcelona i Nacional de Catalunya, Orquestra Sinfónica do Gran Teatro del Liceo, Orquestra "Ciutat d'Elx", Orquestra Sinfónica de Castilla y León, Sinfónica de Valencia, a JONC, Sinfonietta de Amiens, Camerata de Atenas, Sinfónica de Santa Fe e a Sinfónica de Bahía Blanca, entre outras orquestras.

O seu repertorio comprende dende as Paixóns de J. S. Bach ata numerosas estreas mundiais, especialmente de compositores españois (Baucells, Ugarte, Brotons, Pladevall) e arxentinos (Di Cicco, Maglia, Casanova).

Desenvolve unha ampla tarefa pedagóxica tanto para directores como para orquestras, solistas e grupos de cámara, particularmente en España (Barcelona, Castellón, Madrid, Las Palmas, Murcia), Suíza (Xenebra), Alemaña (Múnic), Noruega (Bergen) e Arxentina (Fundación Cultural Arxentina en Santa María de la Armonía, Bos Aires, La Plata, Santa Fe). Foi membro do xurado de diversos concursos internacionais (Mitroupoulos, Tárrega...).

En 2003 foi nomeado profesor de dirección de orquestra da Escola Superior de Música de Cataluña.

Actualmente é o director titular de l'Orquestra Simfònica Segle XXI (Cataluña) e da Bruckner Akademie Orchester (Múnic), orquestra coa que está realizando a integral da obra sinfónica deste compositor.



APUNTAMENTOS AO PROGRAMA

Jordi Mora



Obertura de Egmont Op. 84

Ludwig van Beethoven [1770-1827]

Beethoven escribiu a música de *Egmont* baseándose na obra literaria do mesmo nome escrita polo gran literato alemán Johann Wolfgang von Goethe. O encargo foi encomendado polo teatro Wiener Hoftheater e foi composta entre finais de 1809 e a primavera de 1810.

Goethe levou o estilo clásico á súa máxima expresión dentro do panorama literario alemán de finais do XVIII e Beethoven realizou outro tanto con respecto á música. Só tiveron un encontro persoal e unha única "colaboración": a música incidental sobre a traxedia de Egmont.

Existe un grupo de *oberturas* beethovenianas que conteñen un breve resumo da obra completa correspondente: *Leonora*, *Coriolano* ou *Egmont*. Case poderíamos cualificalas de poemas sinfónicos, ou dramas en miniatura, similares ás grandes *oberturas* de Wéber e aos posteriores preludios dos dramas musicais wagnerianos.

Egmont é a emocionante dramatización dun asunto eminentemente romántico: o esforzo heroico do individuo contra a inxustiza. O seu argumento é unha peza de música programática no sentido máis

ideal da expresión. Beethoven non representa a sorte de Egmont como algo individual, senón como a descrición dos sufrimentos do pobo e a súa loita contra os opresores. A *Obertura* contén practicamente a introdución dos temas da obra completa. Egmont, un nobre cabaleiro flamengo e devoto católico, enfróntase á cruel persecución dos protestantes do seu país, rexido daquela polos españois. É acusado de traizón polo Duque de Alba, quen lle denega un xusto xuízo e ordena que sexa publicamente decapitado. A resposta do pobo flamengo a esta aldraxe conduce á rebelión e a liberación do xugo español.

Tras o unísono inicial, aparece (*sostenuto ma non troppo*) o ritmo de zarabanda, danza de carácter hispano, que, a xeito de lenta e drástica introdución, representa o opresor. Respóndelle un tema animoso e apaixonado (*allegro*) introducido polos violonchelos e que está asociado ao espírito do pobo flamengo e ao propio Egmont. Ambos os dous motivos loitan ao longo da peza ata que a vida do condenado chega ao seu abrupto final. A morte do heroe non é o final da historia, pois a *obertura* conclúe cun emocionante himno ao triunfo da liberdade que conclúe o drama completo.

Concerto en do menor para óboe, violín, cordas e baixo continuo BWV 1060

J. S. Bach [1685-1750]

Gran parte da música orquestral composta por Bach perdeuse e o escaso repertorio que se conservou apenas pode dar unha idea da súa produción neste eido. Moitas destas obras foron escrita durante a súa estadía en Köthen e Weimar.

Tendo en conta que moitos fragmentos destas partituras aparecen noutras pezas musicais –de feito, varios dos concertos para clavicín son aparentemente arranxos de concertos para outros instrumentos–, fixéronse reconstrucións parciais de obras. Para iso tívose en conta que, de todos os xeitos, Bach sempre buscaba darlles a estes arranxos unha identidade propia, polo cal usualmente introducía novos desenvolvementos. Este é o caso do *Concerto para violín e óboe BWV 1060*, importante obra cuxa reconstrución é considerada pola crítica especializada como unha das mellor logradas.

Bach compuxo este concerto na liña de Vivaldi ou da Escola Veneciana, como se pode recoñecer pola presenza no seu primeiro movemento de tres elementos característicos: *ritornello*, eco e ritmo constante. A orde na que Vivaldi dispoñía estes elementos era: *ritornello*, episodio, *ritornello*, episodio, e así sucesivamente.

Como un dúo-arioso, o segundo movemento adagio recorre case permanentemente a este esquema. Este movemento, un dos máis inspirados e extraordinarios dentro da literatura instrumental bachiana, conclúe sen rematar de relaxar a tensión totalmente ao conducir a harmonía da tonalidade principal no Mi bemol maior cara á dominante de dó menor, e desta forma crear o *attacca* cara ao terceiro e definitivo movemento. A súa estrutura sonora apóiase sobre o inmutable *pizzicato*, soamente interrompido durante uns poucos compases por longas notas para así crear o contraste necesario para manter o interese do discurso. O terceiro movemento volve ser un *allegro* de estrutura similar ao primeiro pero cun carácter máis vivaz e conclusivo.

Sinfonía nº 104, en Re maior, Londres

F. J. Haydn [1732-1809]

Para conmemorar e pechar o ano do bicentenario da morte de J. Haydn, é esencial salientar que este non foi só o creador do xénero sinfónico, senón que tamén foi o máis prolífico de todos os compositores neste eido: nada menos que nos deixou como legado 104 sinfonías e unha sinfonía concertante. A isto hai que lle engadir que todas as sinfonías escritas son de primeiro nivel e dunha orixinalidade tal que fai difícil comparar unhas con outras.

A *Sinfonía nº 104 Re maior, Hoboken I/104*, é a última composición deste xénero e a que pecha o ciclo das doce sinfonías de Londres. Coñecida como Sinfonía Londres (en certo modo arbitrariamente, dada a existencia das outras once), foi composta por encargo para a súa segunda xira a esta cidade e estreada baixo a súa dirección o 4 de maio de 1795.

Efectivamente, Haydn, quen cara a finais do século XVIII era xa moi recoñecido en toda Europa, foi novamente invitado a Londres a finais de 1793 polo violinista e empresario inglés, Johann Peter Salomon, animado polo éxito que tivo na súa primeira viaxe a esta cidade a principios de 1791. Estas xiras comprendían a composición e estrea de novas obras para un público londiniense ansioso de escoitar a música dunha figura de renome mundial. Estas sinfonías foron compostas para os Opera Concerts, que tiñan lugar no King's Theatre baixo a dirección do célebre violinista e compositor italiano Giovanni Battista Viotti. Non obstante, foi o propio Haydn quen dirixiu a estrea desta extraordinaria obra.

Haydn marcou con esta composición a coroación definitiva do sinfonismo da primeira época do clásico vienés. Despois desta obra tiña que vir algo diferente e, efectivamente, así foi: cinco anos máis tarde Beethoven dábase a coñecer en Viena como sinfonista coa es-trea en 1800 da súa primeira sinfonía.

A *Sinfonía 104* empeza cunha imponente introdución lenta (*adagio*) en oitavas e quintas que anuncian xa composicións de tempos vindeiros, como poden ser a *Novena Sinfonía* de Beethoven ou a *Primeira Sinfonía* de Mahler. O *allegro* que segue a continuación é un dos máis claros, creativos e inspirados movementos en forma de sonata de Haydn. Cunha clara culminación tensional inmediatamente antes da reexposición, o compositor móstranos a súa xenialidade dándolle moito máis peso ao primeiro que ao segundo tema, sen perder con iso o equilibrio e a unidade da forma.

A orixinalidade do segundo movemento andante faise patente ao non poder clasificar a súa estrutura formal en ningunha das formas tradicionais, tal e como tamén farían nun futuro próximo Beethoven e, sobre todo, Schumann en numerosas composicións. Baseado na técnica da variación, o movemento non deixa de sorprender con cambios inesperados que alimentan a tensión no seu punto xusto. O *minuetto* é tamén dunha sorprendente orixinalidade ao aparecer o *trío*, entre outros aspectos, nunha tonalidade (Si bemol maior) moi afastada da principal (Re maior), sendo especialmente dunha grande inspiración a ponte harmónica que leva do *trío* cara á volta ao *minuetto*.

Cun *finale* denominado *spiritoso*, Haydn despídese como sinfonista cun dos movementos máis espectaculares, orixinais e cheos de vida xamais escritos, unindo maxistralmente o mundo da música popular (tema principal) co da música culta.

MEMBROS DA ORQUESTRA

- Violíns I:** David García, concertino / Cristian Álvarez axuda do concertino / Rocío Gallego / Hugo Rodríguez Xaquín Carro / Lidia López / Lara Trasancos Alexandra López / Lidia García / Fabio Salgado
- Violíns II:** Ana Montoro / Cibrán Seixo / Antonio Facal Sara Gil / Eduardo Vecbastiks / Carla Mondelo Loida Díaz / Tatiana Santiago
- Violas:** Nicolás Herschon / Lorena García / Yago Piñeiro Óscar Tomé / Arturo Valderrey / Danae Vázquez
- Violonchelo:** Guillermo Alzugaray / Antía Gullén Itziar Urdiain / Eva Gumá
- Contrabaixos:** Marta García / Anxo Leitaó
- Frautas:** Patricia González / María Ferrer
- Óboes:** David Garrido / Daniel Souto
- Clarinetes:** Emilio Alonso / Virginia R. Lis
- Fagots:** Patricia Pazos / Nuria Permuoy
- Trompas:** Javier González / Alma Sarasola / Pablo Fernández Ismael Vidal
- Trompetas:** Adrián Viñas / Yael Fiuza
- Percusión:** Marta Rodríguez / Francisco Troncoso
- Cembalo:** Simona Velikova

Donativos no seguinte
nº de conta: **"VIDA DIGNA"**
Caixanova:
2080 0104 93 0040018220



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais



XACOBEO 2010
Galicia



escola de altos
estudos musicais



CONSORCIO DE
SANTIAGO

Vida Digna



ELOYMAR TRANVIAS

caixanova

